



**Regulamento de licencias
Federación Galega de Halterofilia**

Fecha: 23/12/2024

Versión: 2.0

ÍNDICE DE CONTENIDO

Preámbulo.....	1
Título I.....	2
Disposición xerais.....	2
ART. 1 Obxecto e ámbito de aplicación.....	2
ART. 2 Natureza, efectos e finalidade das licenzas.....	2
ART. 3 Titular dunha licencia.....	3
ART. 4 Requisitos.....	3
ART. 5 Firma da licenza.....	3
TITULO II.....	5
Tipos de licencias federativas.....	5
ART. 6 Tipos de licencias.....	5
ART. 7 Licencia de club deportivo.....	5
ART. 8 Licencia de adestrador/a.....	5
ART. 9 Licencia de xuez/a.....	7
ART. 10 Licencia de deportista.....	9
TITULO III.....	11
SEGUROS DEPORTIVOS E FUNCIÓN PÚBLICA DELEGADA.....	11
ART. 11 Aseguramento de accidentes deportivos.....	11
ART. 12 Recoñecemento médico previo.....	11
ART. 13 Función de expedición de licenzas.....	11
TITULO IV.....	13
PROCEDIMENTO E TRAMITACIÓN DE LICENCIAS.....	13
ART. 14 Tramitación e emisión de licencias.....	13
ART. 15 Licenzas nulas.....	15
ART. 16 Protección de datos persoais.....	17
ART. 17 Finalidade dos datos.....	17
DEREITOS DE IMAXE.....	19
ART. 19 Dereitos de imaxe.....	19
IMPORTE E SOPORTE LICENZAS.....	21
ART. 20 Importe das licenzas.....	21
ART. 21 Soporte e contido das licenzas.....	21
Disposición final – Entrada en vigor.....	23

REGLAMENTO DE LICENCIAS

Federación Gallega de Halterofilia



Preámbulo

O presente regulamento redáctase ao amparo do marco normativo establecido pola Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte, artigos 32.4 e 59.2, Real Decreto 1.835/1991, do 20 de decembro, sobre federacións deportivas españolas e Rexistro de Asociacións Deportivas, Artigo 7 da Sección 5ª. Nas citadas normas establecécese a necesidade de ter en vigor unha licenza deportiva para tomar parte en competicións e todas aqueles actos ou actividades oficiais de carácter estatal. Esta Regulación estatal vese reforzada polos disposto no artigo 23 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que procede a modificar o anteriormente citado artigo 32.4 da Lei 10/1990, do 15 de outubro do Deporte, regulando unha vez mais a necesidade de licenza para a participación en calquera competición deportiva oficial, sendo preciso estar en posesión dunha licenza deportiva autonómica, que será expedida polas federacións deportivas de ámbito autonómico que estean integradas na correspondente federación estatal. O cal nos deriva ao marco competencial vixente Galicia, sendo de aplicación por tanto a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que regula a necesidade de Licenza no seu art. 27 e ss para poder participar nas competicións oficiais federadas organizadas pola Federación Galega de Halterofilia. Por ultimo, os estatutos da Fderación establecen no seu art. 3 que é a competente para expedir licenza deportiva e asemade regular os requisitos para a sua concesión. A necesidade de ter unha licenza persoal para poder participar en actividades e competicións de carácter oficial, non ámbito dá Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa necesidade de un procedemento axil que conceda seguridade xurídica, adaptado os novos eidos telemáticos, fai necesario este Regulamento.



Título I

Disposición xerais

ART. 1 Obxecto e ámbito de aplicación

- 1.- O presente regulamento de licenzas é unha norma interna da Federación Galega de Halterofilia, xerarquicamente subordinado aos Estatutos da mesma, ao que se refire o artigo 5.1.h) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.
- 2.- O ámbito obxectivo e subxectivo de aplicación desta norma contráese á actividade propia da Federación Galega de Halterofilia e ás persoas integradas na mesma.
- 3.- Esta norma ten por obxecto a regulación das licenzas da Federación Galega de Halterofilia
- 4.- Esta norma estará en vigor desde a tempada 2025 inclusive, en tanto non sexa modificada ou derogada por outra posterior.

ART. 2 Natureza, efectos e finalidade das licenzas

- 1.- A licenza federativa é o documento de carácter persoal e intransferible que outorga aos seus titulares a condición de membros rexistrados da Federación Galega de Halterofilia a través dos distintos estamentos.
- 2.- A obtención da licenza federativa comportará para o seu titular a aplicación dos seguintes dereitos e deberes previstos nos Estatutos federativos para os membros dos correspondentes estamentos, establecidos no artigo 6 e 7 dos estatutos da Federación Galega de Halterofilia
- 3.- Para a participación en actividades ou competicións oficiais da Federación Galega de Halterofilia precisase estar en posesión de licenza federativa expedida por esta.
- 4.- Así mesmo, as licenzas expedidas pola Federación Galega de Halterofilia habilitarán aos seus titulares para participar en competicións oficiais de ámbito territorial autonómico de Galicia
- 5.-Para competir nun ámbito territorial superior ou distinto o do territorio da comunidade autónoma Galega, deberá posuir licenza nacional, que será expedida pola Federación Española de Halterofilia nos casos e condicións que estableza a correspondente normativa da Federación Española.
- 6.- A licenza expedida pola Federación Galega de Halterofilia poderá ter validez no ámbito territorial e competiciones nacionais Españolas previo acordo ou convenio coa Federación Española de Halterofilia, que establezca a convalidación da licenza autonómica como nacional. Tamén terá validez a licencia autonómica expedida pola Federación no ámbito nacional si así o establece a normativa ou reglamentos de



REGLAMENTO DE LICENCIAS

Federación Gallega de Halterofilia

licencias da Federación Nacional establecendo a habilitación da licenza autonómica

7.- No suposto de campionatos internacionais, deberá ter posesión dunha licencia federativa da federación nacional do pais de orixe.

ART. 3 Titular dunha licencia

O titular dunha licencia, tramitada e expedida por unha Federación Autonómica de Halterofilia, non podrá durante a mesma tempada solicitar a expedición de outra licencia, do mesmo estamento e especialidade, a través de diferente Federación Autonómica. Para proceder o cambio da licencia e practicar unha segunda inscripción por unha Federación Autonómica diferente será necesario, cancelar ou dar de baixa a licencia previamente emitida .

ART. 4 Requisitos

Para poder outorgar e conceder licencia de calquier estamento as persoas físicas, estas deberán, entre outros requisitos, acreditar:

4.1 Ter a nacionalidade española

4.2 os extranjeiros comunitarios deberán acreditar a sua nacionalidade co pasaporte o documento nacional de identidade en vigor, así como a posesión da "tarxeta Comunitaria"

4.3 Os extranjeiros non comunitarios deberán acreditar a sua nacionalidade co pasaporte en vigor , así como acreditar estar en posesión de autorización administrativa de residencia en España.

ART. 5 Firma da licenza

Os interesados poderán asinar a través de calquera medio que permita acreditar a autenticidade do seu consentimento, e a integridade e inalterabilidad do documento.

5.1 Nos supostos nos que os interesados opten por medios electrónicos, consideraranse válidos a efectos de firma:

a) Sistemas de firma electrónica cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos cualificados de firma electrónica expedidos por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servicios de certificación".

b) Sistemas de selo electrónico cualificado e de selo electrónico avanzado baseados en certificados electrónicos cualificados de selo electrónico expedidos por prestador incluído na "Lista de confianza de prestadores de servicios de certificación"



TITULO II

Tipos de licencias federativas

ART. 6 Tipos de licencias

Se podrán expedir y/o habilitar por la FGH las licencias federativas de los siguientes estamentos:

- Club Deportivo
- Adestrador/a
- Xuiz/a ou oficial/a
- Deportista

ART. 7 Licencia de club deportivo

Otorgarse a licencia de Club Deportivo a aquellas Entidades que cumplan os siguientes requisitos:

- a) debidamente inscritas no Rregistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia
- b) Nos seus Estatutos ou norma de creación deberá figurar o depoerto da Halterofilia como a sua actividade deportiva única, exclusiva e principal.
- c) A sua principal actividad deportiva tendrá que desenrolarse na comunidade autónoma de Galicia. Enténdese como actividad principal deportiva que o lugar de entrenamento habitual dos deportistas e adestradores esta ubicado dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) O domicilio Social dos Clubes Deportivos deberá de estar nalgunha das cuatro provincias Galegas

ART. 8 Licencia de adestrador/a

Poderán solicitar licencia de adestrador aquellas persoas que acrediten

1.- A titulacion oficial ou homologada pola administración competente de “adestrador nivel I, II ou III” ó amparo do establecido no Real Decreto 1363/2007, de 24 de outubro, polo que se establece a ordeación xeral das ensinanzas deportivas de réximen especial, e a Orde ECD/158/2014, de 5 de febreiro, pola que se regulan os aspectos curriculares, sendo o título mínimo que debe posuir o de Adestrador Nivel I homologado por calquier administración autonómica con competencias en educación o estatal que teña ditas competencias en caso contrario.

2.- Certificación negativa de antecedentes penais de índole sexual anual que deberá de ser presentado no so coa solicitude de primeira licencia senon en todas e cada unha das renovacións de forma actualizada.



REGLAMENTO DE LICENCIAS

Federación Gallega de Halterofilia

3.- Pertencer a un Club Deportivo debidamente inscrito na Federación Galega de Halterofilia

4.- Aportar os seguintes datos

- Nome y apelidos;
- DNI o NIE (Adxuntar fotocopia)
- Data de nacemento
- Firma do solicitante manual ou electrónica
- Dirección postal completa.
- Correo electrónico.
- Club deportivo e domicilio social deste

5.- Aboar o prezo establecido na tempada vixente

ART. 9 Licencia de xuiz/a

Poderán solicitar licencia de Xuiz/a aquellas persoas que acrediten

1.-Haber superado as probas establecidas para este estamento e presentar certificación ou comunicación da comisión competente.

1.1.- No suposto de licenza autonómica de xuiz será necesario haber superado as probas establecidas para este estamento e presentar certificación ou comunicación do comité de xuices da Federación Galega de Halterofilia

1.2.- No suposto de licenza nacional de halterofilia, Haber superado as probas establecidas para este estamento e presentar certificación ou comunicación do comité de xuizes da federación española de Halterofilia, ou ben do comité de xuices da federación Galega de Halterofilia por delegación ou convenio coa Federación Española de Halterofilia

2.- Aboar o prezo establecido na tempada vixente.

3.- Aportar os seguintes datos :

- Nome y apelidos;
- DNI o NIE (Adxuntar fotocopia)
- Data de nacemento
- Firma do solicitante manual ou electrónica
- Dirección postal completa.
- Correo electrónico.



REGLAMENTO DE LICENCIAS

Federación Gallega de Halterofilia

- Número de teléfono
- IBAN (conta bancaria)
- Firma manual ou electronica

ART. 10 Licencia de deportista

Toda persoa maior de idade ou legalmente emancipada, poderá solicitar licencia federativa nos estamentos correspondentes sempre e cando cumpla os requisitos establecidos.

1.-Os menores de idade deberán acompañar á súa solicitude de licenza a correspondente Autorización de Menores, subscrita polos pais, titores, Guardadores ou Institución Autonómica autorizando ao menor para participar en competicións e asumindo a responsabilidade que puidese derivarse da súa participación nas mesmas

2.- A solicitude por primeira vez da licencia de deportista deberá conter os seguintes datos

- Nome y apellidos;
- DNI o NIE (adxuntando fotocopia)
- Data de nacemento
- Club deportivo ó que pertence.
- Firma do solicitante, manual ou electronica.
- Sexo.
- Dirección postal completa.
- Correo electrónico.
- Número de teléfono.
- No caso de ser menor de idade deberá de indicar os datos do seu titor legal
 - Nombre y apellidos del titor
 - DNI do titor (adxuntando fotocopia)
 - Firma do titor, manual ou electronica

3.- Na solicitude de renovación da licencia federativa de un deportista deberá conter os seguintes datos:

- Nome y apellidos;
- DNI o NIE (Adxuntar copia)
- Club deportivo o que pertence.
- Firma do solicitante.
- Aclaracions: indicar si existe algún cambio nos datos iniciais.



REGLAMENTO DE LICENCIAS

Federación Gallega de Halterofilia

- No caso de ser menor deberá de indicar os datos do seu titor legal
 - Nome y apelidos do titor
 - DNI do titor (adxuntar copia)
 - Firma do tutor manual ou electronica

3.- Aboar o prezo establecido

TITULO III SEGUROS DEPORTIVOS E FUNCIÓN PÚBLICA DELEGADA

ART. 11 Aseguramento de accidentes deportivos

1.- A expedición de calquera licenza federativa leva consigo a obriga de subscribir un seguro que garanta a cobertura de indemnización para os supostos de perdas anatómicas ou funcionais ou de falecemento, así como a asistencia sanitaria, derivados de accidente deportivo, nos termos establecidos na normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- O dito seguro será subscrito pola Federación Galega de Halterofilia en condición de tomador, sendo o titular da licenza o asegurado.

ART. 12 Recoñecemento médico previo.

1.- Para a expedición de licenza de deportista A Federación Galega de Halterofilia poderá, nos casos que considere ou teña razonable dubida, esixir o sometemento a un recoñecemento médico que determine a inexistencia de contraindicacións para a práctica do deporte de Halterofilia

2.- O contido mínimo do referido recoñecemento médico previo á tramitación da licenza de deportista deberá recoller: *investigación de antecedentes patolóxicos familiares e personais anamnesis, exploración por aparatos, (con especial atención o cardiovascular e locomotor), antropometría e electrocardiograma de reposo.*

ART. 13 Función de expedición de licenzas.

1.- A Federación Galega de Halterofilia, na súa condición de entidade que exerce a función pública delegada de expedición de licenzas, de carácter administrativo, é competente en réxime de exclusividade para expedir e tramitar licenzas federativas de HALTEROFILIA na Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a



REGLAMENTO DE LICENCIAS

Federación Gallega de Halterofilia

tutela da Administración deportiva autonómica.

2.- A Federación Galega de Halterofilia exercerá a función de expedición de licenzas federativas de forma directa, sen que esta poida ser obxecto de delegación ou exercicio de substitución sen a autorización da Administración deportiva autonómica.

3.- A expedición de licenzas federativas ten carácter regrado, non podendo denegarse a licenza a canta persoa solicitante reúna as condicións necesarias para a súa obtención.

4.- *A Federación Galega de Halterofilia informará a calquera persoa interesada sobre os requisitos necesarios para a obtención dos seus distintos tipos de licenzas.*

TITULO IV

PROCEDIMENTO E TRAMITACIÓN DE LICENCIAS

ART. 14 Tramitación e emisión de licencias

1.- As solicitudes de licenza de deportista e adestrador deberán ser obrigatoriamente formuladas polo club ao que se vincule a través dos modelos específicos establecidos pola Federación Galega de halterofilia achegando os documentos preceptivos indicados nos devanditos modelos para cada tipo de solicitude, que serán de acceso libre a través da páxina web da federación.

1.1.- A solicitude deberá de ser enviada coa seguinte documentación adxunta:

- 1.- Modelo/s de ficha de licenza de deportista/xuix/adestrador que constarán na páxina web
- 2.- Fotocopia de DNI/NIE solicitante/titor
- 3.- Modelo de liquidación de clubs.
- 4.- Xustificante de pago onde o concepto fará referencia á liquidación enviada
- 5.- No caso de que un club queira crear varias licenzas á vez, poderá utilizar a mesma folla de liquidación para as diferentes licenzas de deportistas

1.2.- Nos supostos de renovación de licencias de calquer estamento para o seguinte ano, deberá de ser solicitada esta renovación dende o 15 de decembro da actual tempada na que estan vixentes o 15 de xaneiro do novo ano e tempada no que se pretende a sua renovación.

1.3.- As solicitudes de Licenza de Xuiz debrán ser obrigatoriamente formuladas pola persoa interesada a través dos modelos específicos establecidos pola Federación Galega de halterofilia achegando os documentos preceptivos indicados nos devanditos modelos para cada tipo de solicitude, que serán de acceso libre a través da páxina web da federación.



REGLAMENTO DE LICENCIAS

Federación Gallega de Halterofilia

2.- O prazo de solicitude de licenzas para cada tempada iníciase o 1 de xaneiro. E conclúa o 31 de decembro do mesmo ano.

3.- As solicitudes de todas as licenzas presentadas deberán selo obligatoriamente por medios electrónicos. A solicitude de licenza debidamente cumplimentada en base o regulado neste regulamento, deberá de ser enviada por correo electrónico a seguinte dirección secretaria@halterofilia.org, ou a aquela dirección establecida por la Federeacion Galega de Halterofilia previamente comunicada con suficiente antelación.

4.- As solicitudes de licenzas para menores de idade deberán ser subscritas polos proxenitores, titores ou institución que exerzan a súa representación legal.

5.- A tramitación das solicitudes compételle ao Secretario da Federación Galega de Halterofilia

6.- Calquera solicitude que adoece da falta dalgún requisito emendable, dará lugar ao requerimento ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se o interesado non emendase os defectos advertidos no referido prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

7.- A resolución sobre concesión ou denegación de licenzas compételle *o Secretario Da Federación Galega de Halterofilia*

8.- As licenzas deberán ser emitidas e postas ao dispor do solicitante ou, no seu caso, denegadas motivadamente, no prazo máximo dun (1) mes a contar desde o seguinte á entrada na Federación da solicitude debidamente formalizada.

9.- O cómputo do prazo referido no apartado anterior suspenderase polo tempo que medie, no seu caso, entre o requerimento de corrección de defectos e o seu efectivo cumprimento polo interesado.

10.- Calquera solicitude de licenza entenderase outorgada por silencio positivo, se non se notifica resolución expresa no prazo máximo indicado no apartado oitavo do presente artigo.

11.- Contra a denegación expresa da licenza solicitada ou contra a denegación da entrega do documento xustificativo da obtención de licenza por silencio positivo, caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nos termos da súa propia normativa.

ART. 15 Licenzas nulas

1.- Serán causa de anulación das licenzas concedidas:

- a) A falsidade nos datos facilitados para a súa obtención.
- b) Incorrer en duplicidade de licenza, vinculándose a máis dun club, nese caso será anulada a licenza más recente.
- c) Incorrer en incompatibilidade entre dúas ou máis licenzas de acordo co previsto no presente regulamento.



REGLAMENTO DE LICENCIAS

Federación Gallega de Halterofilia

d) No caso de licenzas outorgadas por silencio positivo, e sempre que a Federación estime que non se reúne algún dos requisitos esenciais para obtela, antes de resolver sobre a súa anulación outorgaráselle á persoa licenciada un prazo de 30 días para dar cumprimento ao requisito que non reunía.

2.- O procedemento de anulación de licenzas poderá iniciarse de oficio ou por denuncia e na súa tramitación que lle compete *ao Secretario da Federación Galega de Halterofilia*, deberá garantirse a audiencia da persoa interesada por un período de dez (10) días hábiles.

3.- A resolución anulando ou mantendo a validez da licenza compételle *o Secretario da Federación Galega de Halterofilia* e fronte á mesma caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nos termos da súa propia normativa.

ART. 16 Protección de datos persoais

- Dacordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e de o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos mesmos, e a Lei Orgánica de protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía de Dereitos Dixitais 3/ 2018, do 5 de Decembro, os datos proporcionados nas solicitudes ou renovacions das licenzas de todos los estamentos, serán incorporados e tratados nos diversos ficheros dos que é titular a Federación Galega de Halterofilia

ART. 17 Finalidade dos datos

- A finalidade dada recollida e tratamiento dos datos é a de rexistrar licenzas deportivas conforme as competencias da Federación Galega de Halterofilia. Devanditos datos unicamente serán cedidos e transferidos a terceiros no ámbito das competicións deportivas, para cumplir os fins que exclusivamente se deriven do exercicio das funcións e obrigas da Federación Galega de Halterofilia

ART. 18 Adscrición e integración na Federación Galega de Halterofilia

- A adscrición e integración na Federación Galega de Halterofilia a través da subscrición e renovación da licenza federativa, implica a aceptación e libre asunción por parte dos distintos estamentos, dos seguintes efectos:

1. Consentimento para que na relación de inscricións de competicións e na publicación dos resultados destas, aparezan publicados os seus datos referidos ao nome, dous apelidos, data de nacemento, número de licenza e club de pertenza.



REGLAMENTO DE LICENCIAS

Federación Gallega de Halterofilia

2. Autorización para a comunicación dos seus datos persoais a países sedes de competicións internacionais de halterofilia, que nalgúns casos poden non contar cunha lexislación de protección de datos equiparable á española. A finalidade desta comunicación é a de cumplir os requisitos esixidos por a entidade organizadora para participar nesta competición.

3. Acatamento do regulamento antidopaxe e obediencia a todo canto dispoñan as disposicións do Regulamento , en especial á facultade que se recoñece a Federación Galega de Halterofilia nos procedementos Disciplinarios, para comunicar os seguintes datos: nome do ximnasta, data de sometemento a controis de dopaxe, resultado analítico adverso dos devanditos controis, e contido da resolución dos procedementos administrativos sancionadores e xudiciais incoados como consecuencia dos devanditos resultados.

4. Autorización e consentimento, para que en caso de que os deportistas sancionados coa prohibición para competir, a Federación Galega de Halterofilia publique na súa páxina Web (intranet) a efectos de que dita sanción sexa coñecida polos clubes deportivos interesados en renovar o solicitar licenza, para cumplir os requisitos de tramitación de licenza establecidos na Lei 3/2013 de Protección da Saúde dos deportistas e Loita contra a Dopaxe na actividade deportiva, os datos seguintes: nome e apelidos, debendo conter precepto mormativo infrinxido e período de duración da sanción de prohibición para competir imposta, data de finalización da sanción.

5. Autorización para que se publique na intranet da Federación Galega de Halterofilia a tramitación de licenza por unha Federación Autonómica, os seguintes datos: federación autonómica pola que ten subscrita licenza, club deportivo, nome e apelidos, especialidade, estamento, entidade coa que ten subscrito o seguro deportivo, se ten sanción disciplinaria privativa de licenza ou de suspensión de licenza, período de sanción e data de finalización da mesma.

6. Autorización e consentimento, para, en relación coa PRENSA, COMUNICACIÓN E MÁRKETING, aparezcan os distintos estamentos que solicitan licenza nas publicacións, artigos de prensa, fotos, vídeos, RRSS Corporativas nas redes sociais (como por exemplo facebook, twitter, instagram). No suposto de Menores de idade esixirse asemade a autorización do tutor legal.

7. Autorización para que se publiquen no eido das COMPETICIÓN OFICIAIS, e a Xestión dos resultados, a publicación das clasificacións co seu nome e apelidos, club de pertenza, peso corporal e idade o mesmo nas Estatísticas e Arquivo histórico, así como nos procesos electorais o DNI/NIE, nome e apelido, estamento, no CENSO ELECTORAL

DEREITOS DE IMAXE

ART. 19 Dereitos de imaxe

- Os federados autorizan e ceden coa subscrición da licenza ao uso das súas imaxes, obtidas durante as competicións oficiais, sexan de ámbito nacional, autonómico ou internacional, a Federación Galega de Halterofilia onde tramitou a súa licenza, pero tamen a Federación Galega de Halterofilia no caso de que



REGLAMENTO DE LICENCIAS

Federación Gallega de Halterofilia

teña lizenza noutra federacion, si a competición se celbrase no ámbito competencial ou nunha actividade deportiva oficial de ámbito autonómico Galego.

IMPORTE E SOPORTE LICENZAS

ART. 20 Importe das licenzas

1.- O importe das licenzas será o fixado para cada tempada pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Halterofilia para cada especialidade, estamento ou categoría, segundo se recolle no Anexo I ao presente regulamento.

2.- No caso de que calquera importe fose anulado por acto administrativo ou resolución xudicial entenderase aplicable o anterior importe en vigor para o devandito tipo de licenza.

ART. 21 Soporte e contido das licenzas

1.- As licenzas federativas emitíranse en soporte preferentemente electrónico

2.- O formato das licenzas federativas é o recollido no Anexo II do presente regulamento.

3.- No documento da licenza, ademais dos conceptos económicos que resulten obligatorios no caso das licenzas que permitan a participación en ámbitos superiores ao autonómico, deberán consignarse claramente, como mínimo, os seguintes datos:

a) O selo, logotipo e denominación da Federación Galega de Halterofilia e da Xunta de Galicia

b) Duración da licenza.

c) Nome e apelidos da persoa titular.

d) Data de nacemento da persoa titular.

e) Número de licencia

f) Estamento deportivo

g) DNI ou NIE

g) *No seu caso*, entidade deportiva á cal se vincula o titular durante o período de duración da licenza.

h) Dereitos federativos. Este contido poderá ser substituído pola súa remisión mediante ligazón ao desenvolto con máis extensión en determinado apartado da páxina web federativa.

i) Identificación da Compañía Aseguradora e teléfono de atención e emergencias.



REGLAMENTO DE LICENCIAS

Federación Gallega de Halterofilia

k) Número de póliza para a declaración do accidente deportivo, no seu caso.

4.- As licenzas autonómicas expedidas pola Federación Galega de Halterofilia que mediante acordo ou convenio coa Federación Española de Halterofilia habilitem para a participación en actividades ou competicións de ámbito estatal deberán reflectir polo menos en lingua española os datos correspondentes.

Disposición final – Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor a partir da súa aprobación pola Administración deportiva autonómica, tal e como se establece na Instrucción do 10 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, para a remisión dos regulamentos de licenzas das federacións deportivas galegas (DOG núm.33, do 18 de febreiro de 2021). O regulamento entenderase aprobado, se no prazo dun (1) mes a Administración deportiva autonómica non notifícase a correspondente resolución de aprobación.